

EspazoCoop apoia o Ano Internacional das Cooperativas 2025 declarado pola ONU

Programa: Sensibilización para o emprendemento cooperativo

Charla: E ti, coñeces a fórmula?

En colaboración coa: Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social -EFESO- do FSE+

Data: 11 de xullo de 2025

Duración: 2,5 horas **Horario:** de 10:00 a 12:30hs

Lugar de celebración: Espazo A Proa, Rúa das Hedras, 2, 15895, O Milladoiro, Ames (A Coruña)

Máis información: Patane García Méndez | 881 887 456 | 697 877 773 | patane@espazo.coop

Inscripcións: [PREME AQUÍ](#)

Obxectivos

- Dar a coñecer o cooperativismo, o funcionamento das cooperativas e as súas vantaxes en comparación con outros modelos de negocio.
- Eliminar mitos e prexuízos sobre o cooperativismo e os procesos de traballo participativos.
- Visibilizar como o emprendemento en cooperativa pode contribuír á mellora da empregabilidade e ao crecemento profesional.

Programa e contidos

- Presentación de EspazoCoop, a Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emprende.
- A cooperativa dentro da economía social.
- Os principios e valores cooperativos.
- Que é unha cooperativa? Tipos de cooperativas.
- Emprende en cooperativa: Apoios ó cooperativismo. Boas prácticas en emprendemento cooperativo: participación dunha cooperativa presentando o seu proxecto.

Metodoloxía

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Contarase coa participación dunha experiencia cooperativa.

Dirixido a

Ás persoas tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso ocupadas interesadas en coñecer a fórmula cooperativa e que poidan ter un potencial interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Alumnado de centros formativos de ensinanza secundaria obrigatoria e postobrigatoria, alumnado universitario e de programas de emprego e formación. Persoas prescriptoras de emprego que teñan interese en coñecer a fórmula para informar e asesorar ás persoas beneficiarias dos seus servizos. Persoal docente e orientador. Público en xeral

Dinamizadora

- Rosa Álvarez Bernárdez. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop

EspazoCoop apoia o Ano Internacional das Cooperativas 2025 declarado pola ONU

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Coa colaboración de

Espazo A Proa | Rede provincial de espazos de traballo | Concello de Ames

Financiado por

Programación 2025 da **Rede Eusumo**, que é unha rede de colaboración impulsada pola **Xunta de Galicia**, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social. E tamén, o Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, **Efeso**, cofinanciado por el **Fondo Social Europeo Plus** para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio Cepes.



Cofinanciado por
la Unión Europea



A Proa



Deputación
DA CORUÑA
PEL
Plan de
Emprego
Local



Concello de AMES